

Resumo protocolo Covid-19 FGA

(Documento non oficial e non vinculante, de uso exclusivo interno para a formación de xuíces)

Obxectivos deste documento

Este documento foi elaborado polo Comité Galego de Xuíces como uso interno para a formación dos seus membros.

O documento resume os puntos máis importantes do protocolo que afectan ao traballo do xurado durante o desenrolo da competición.

Recomendamos encarecidamente aos membros do CGX a lectura completa do protocolo dispoñible nesta ligazón da Páxina Web da FGA.

Ante calquera dúbida, consulta co teu delegado de xuíces que transmitirá a mesma ao CGX.

Introducción ao Protocolo

Descarga do documento oficial: [Páxina Web da FGA](#)

Proceso de elaboración

- Baseado no protocolo RFEA.
- Elaborado por un grupo de 6 persoas (2 membros do CGX).
- Refrendado pola Xunta Directiva e Comisión Delegada da FGA.
- Aprobado pola Xunta de Galicia tras diversas modificacións da proposta inicial.

Protocolo básico de actuación para o retorno ás competición atléticas oficiais en Galicia



En cumprimento do convenio da resolución do 12 de xuño de 2020 da Consellería de Sanidade, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e seguintes, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, a FGA a través da súa Xunta Directiva e Comisión Delegada propoñen á Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia o seguinte protocolo, para voltar á organización de competicións atléticas oficiais en Galicia.

Aspectos básicos do protocolo

Xerais

- Mantemento da distancia interpersoal de 1.5m durante toda a competición.
- Uso xeral da máscara durante toda a competición agás casos exceptuados.
- Hixiene de mans continua mediante o lavado das mesmas ou o uso de xeles hidroalcólicos.
- Minimizar o número de persoas simultáneas na zona de competición.
- Participación en cada competición tras a firma dunha Declaración Responsable para cada competición.

Aspectos básicos do protocolo

Xurado

- Uso da máscara obrigatorio en todo momento. Recoméndase encarecidamente que o xuíz/a leve a súa máscara personal.
- Non se permitirá a participación de xuíces/as maiores de 65 anos, adaptable en función das recomendacións sanitarias.
- Recoméndase encarecidamente que os xuíces/as pertencentes a grupos de risco non tomen parte das competicións. En cuxo caso farano **baixo a súa responsabilidade persoal**.
- As reunións do xurado levaranse a cabo de forma telemática, e en caso de non ser posible, realizaranse mediante convocatoria reducida a postos de máxima responsabilidade (aprox. 5 persoas para evitar aglomeracións).
- Todas as reunións faranse, na medida do posible, ao aire libre.

Aspectos básicos do protocolo

Xurado

- A persoa que exerce a Dirección de Reunión, conxuntamente coa persoa responsable do protocolo da FGA, velará polo cumprimento do mesmo por parte do xurado.
- Os membros do xurado non rotarán os seus postos no xurado oficial en ningún momento, agás aprobación **e rexistro** do dito cambio por parte do/a director/a de reunión.
- Desprazamentos: 4 persoas por coche. Recomendable a súa ventilación continua e obrigado rexistro por parte do/a director/a de reunión dos ocupantes de cada coche.

Aspectos básicos do protocolo

Desenrolo da competición

Non se recomendan máis de 4 probas simultáneas.

Ampliación de horario para aumentar o espazo entre probas.

Non se realizarán máis de 2 probas en cada media lua de forma simultánea.

Reducirase o tempo de quencemento previo.

Número máximo de atletas por proba según o cadro adxunto.

- Limitación de participantes en función ao seguinte cadro.

Competicións Aire Libre				
Probas	Implantación	Nº máximo de atletas	Modelo	Observacións
Velocidade e valos	1º FASE	3	Por carreira e 1 por rúa con 2 de separación.	Aprobado
	2º FASE	8	Por carreira e 1 por rúa	Aprobado
800	1º FASE	8	Por carreira e 1 por rúa, sen rúa libre	Aprobado
	2º FASE	8	Por carreira e 1 por rúa, con rúa libre	Pendente
1500		8		Pendente
3000 obs		12		Pendente
5000		12	Saída partida	Pendente
10000		16	Saída partida	Pendente
Marcha		12-16	Saída partida	Pendente
Concursos		10		Aprobado
Combinadas		Seguirán normas descritas para cada proba		Pendente
Competicións Pista Cuberta				
Probas	Implantación	Nº máximo de atletas	Modelo	Observacións
Velocidade e valos		8 (6 en anel)	Por carreira e 1 por rúa	Pendente
400 m e 800 m		6	Por carreira e 1 por rúa	Pendente
1500 m e 3000 m		Pendente	Saída partida	Pendente
Concursos		10		Pendente
Combinadas		Seguirán normas descritas para cada proba		Pendente

As probas de 800m ou superior feitas por rúas (no caso de realizarse) non son válidas a efectos de ránking ou récords

Aspectos básicos do protocolo

Desenrolo da competición: Cámara de chamadas

- Obxectivo último: Atletas o menor tempo posible na cámara de chamadas. Distancia interpersoal entre atletas.
- Desinfección de mans por parte dos/as atletas na entrada da cámara de chamadas.
- Procesos simplificados. Controis de uniformidade e equipamentos de forma visual. Non contacto con documentos identificativos por parte dos membros do xurado.
- Intensificar o lavado frecuente de mans por parte dos membros do xurado.
- Aumento do tamaño da área da cámara de chamadas. Fluxo unidireccional de paso. División dos atletas por probas.
- Desinfección frecuente da área de cámara de chamadas.

Aspectos básicos do protocolo

Desenrolo da competición: Cronometraxe e Foto Finish

- Menor número posible de persoas na zona de foto finish, garantindo a distancia interpersoal de 1.5m entre elas.
- Publicación dixital da foto finish.
- Uso frecuente de solución de hidroxel e hixiene frecuente de mans.
- Uso persoal do cronómetro manual sen compartilo durante toda a competición. No caso de ter que compartilo, desinfección previa do mesmo e hixiene de mans.

Aspectos básicos do protocolo

Desenrolo da competición: Saídas

- Non se poderá compartir material de saídas sen desinfección previa (pistola, sensor, etc).
- Indicacións aos atletas mantendo a distancia interpersoal.
- Ante calquera reclamación, os/as atletas deben manter a distancia interpersoal entre atleta e xuíz/a e usar a máscara.
- Os/as atletas deben levar a máscara posta en todo momento ata a orde do/a xuíz/a de iniciar o procedemento de saída (silbato ou similar). Isto inclúe os exercicios de quencemento e colocación de tacos que deben facerse con máscara.
- No momento no que os/as atletas están detrás dos tacos, poderán quitar a máscara deixándoa na cesta para a súa destrución por parte do persoal da organización.
- O procedemento de saída reducirá o tempo dos/as atletas na posición de detrás dos tacos ao mínimo indispensable.
- No caso de saída nula os/as atletas retornarán manténdose na súa rúa e poñerán a máscara ata a nova saída.

Aspectos básicos do protocolo

Desenrolo da competición: Chegadas

- Non se poderá compartir material. Cada xuíz/a utilizará o seu material de forma individual e intranferible (bolígrafo, carpeta).
- Manterase a distancia interpersoal na medida do posible.
- Os/as atletas non poden saír da súa rúa tras a chegada ata a orde da persoa responsable.
- A organización proporcionará máscaras tras a chegada para o seu uso obrigado por parte dos atletas no momento de rematar a carreira.
- Colaborarase coa persoa responsable do protocolo no cumprimento destes puntos, co obxectivo da evacuación rápida dos atletas tras a chegada.

Aspectos básicos do protocolo

Desenrolo da competición: Concursos

- A disposición dos/as xuíces/zas farase tendo en conta a distancia interpersoal entre os membros do xurado. Utilizando cadeiras na medida do posible.
- Os/as atletas deben manter a distancia interpersoal entre eles durante todo o concurso.
- Recoméndase activamente o uso da máscara por parte dos/as atletas entre cada intento. O uso da máscara durante a realización do intento non é obrigado.
- Os/as atletas deben limpar as mans antes de cada intento previa á recollida do artefacto.
- Os artefactos serán desinfectados por membros da organización tras cada intento.
- Os membros do xurado non deben compartir elementos de xulgamento (bandeiras, pinchos, conos, etc) sen previa desinfección

Aspectos básicos do protocolo

Desenrolo da competición: Concursos

- Nos saltos horizontais, desinfectarase por parte de membros da organización a area do foso tras cada salto.
- Nos saltos verticais desinfectarase por parte de membros da organización a colchoneta tras cada salto.
- No salto con pértega, os membros do xurado non deben tocar as pértegas en ningún momento. Deberán ser recollidas polos atletas. No caso de tocar a pértega por algunha causa xustificada por parte dos membros do xurado, deberán proceder a hixienizar as mans inmediatamente.

Aspectos básicos do protocolo

Desenrolo da competición: Reclamacións

- Os/as atletas, ou os que presenten algunha reclamación no seu nome, deberán manter a distancia interpersoal e utilizar máscara para facer as reclamacións verbais ao xuíz/a árbitro.
- O xurado de apelación deberá manter a distancia interpersoal entre os seus membros tanto para reunións como para situarse durante a proba.
- Recoméndase que o xurado de apelación actue dende o exterior da pista e que as reunións sexan ao aire libre.

Cumplimento do protocolo

Responsables do cumprimento

- Designación por parte da FGA da persoa responsable do protocolo para cada proba.
 - Terá poder de decisión sobre todos os aspectos do protocolo e tomará calquera decisión necesaria para garantir o cumprimento do mesmo, incluído a suspensión da proba de ser preciso.
- Traballará conxuntamente co Director/a de Reunión, o que será responsable do cumprimento do protocolo por parte do xurado.
- No caso de que algún membro do xurado detectase algún incumprimento de algunha indicación aos atletas nalgún punto, avisar ao director/a de reunión ou ao responsable do protocolo da FGA.
- O/A Xuíza árbitro mantén as súas competencias sobre tarxetas disciplinarias reguladas polo Regulamento Internacional no tocante a actitudes antideportivas.
 - Sen embargo, dado que non está contemplado en ningún artigo técnico, o/a xuíz/a árbitro non deberá descalificar da proba ou invalidar ningún resultado por incumprimento do protocolo. En caso de ter coñecemento dalgunha actitude de incumprimento deberá informar á persoa responsable do protocolo da FGA para que tome as medidas disciplinarias oportunas.